

TOLKIEN

Dome Karukoski, 2019

546

ESTREA EN NUMAX: 21 de xuño | V.O.S.E. | +7

Tolkien (2019, 112')

Dirección: Dome Karukoski

Guión: David Gleeson, Stephen Beresford

Elenco: Nicholas Hoult, Lily Collins, Genevieve O'Reilly, Colm Meaney, Tom Glynn-Carney, Patrick Gibson, Anthony Boyle, Craig Roberts, David Puckridge, Pam Ferris, Derek Jacobi, Laura Donnelly

Son: Paul Carter

Montaxe: Chris Gill, Harri Ylönen

Dirección de arte: Paul Cowell

Vestuario: Colleen Kelsall

Música: Thomas Newman

Fotografía: Lasse Frank Johannessen

Produtora: Fox Searchlight, Chernin Entertainment (EEUU)

Distribuidora: Fox

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Tom of Finland, 2017

El gruñón, 2014

Leijonasydän, 2013

Napapiirin sankarit, 2010

Kielletty hedelmä, 2009

Tummién perhosten koti, 2008

Tyttö sinä olet tähti, 2005

SINOPSE

Biopic do escritor, lingüista e profesor universitario J.R.R. Tolkien (1892-1973), autor d'*O señor dos aneis* e *O hobbit* entre outras moitas obras. *Tolkien* explora os anos de formación do escritor na busca da amizade, o amor e a inspiración artística no grupo de inquedados estudantes do que forma parte. Neste contexto prodúcese o estoupido da Primeira Guerra Mundial, que ameaza con destrozalo grupo. Todas estas experiencias inspirárono para escribir as súas famosas novelas da Terra Media.

«Gocei a conversión do mozo Tolkien ao introducirse no mundo da filoloxía en Oxford. A súa honestidade e idealismo son refrescantes»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



“Tolkien era o seu propio inimigo”

Entrevista con Dome Karukoski

Por Marta Balaga

Tolkien inspirouse na mitoloxía e nas lendas pero ti suxires que as súas obras tamén conteñen referencias á súa vida privada. Como de persoal querías que fose este filme? Hai un aspecto persoal e é que eu tamén medrei sen pai. Por iso son admirador seu e lin *O señor dos aneis* aos 12 anos. Cando tiven idade suficiente para comprendelos, continúei c’*O hobbit* e *O Silmarillion*. O seu mundo é unha fábula, inspirada no poema épico finés Kalevala e na mitoloxía nórdica ou islandesa. Estas foron as principais influencias pero el tamén experimentou ou padeceu emocións. Viu como a guerra transforma as persoas e como a inocencia se transforma en confusión, como lle ocorre a Frodo ou Bilbo. Por iso sempre dicía que el tamén era un pouco hobbit. Experimentei moitas desas cousas tanto agora como na miña mocidade, polo que en ningún momento tiven a impresión de estar a dirixir o filme desde fóra.

Menciónase o moito que «roubou» do idioma finés. Pero ti querías facer unha referencia a que o Kalevala era aínda máis explícito. Era un tema moi específico, era de máis. Os biopics

malos sempre teñen esas escenas que non deixan fluír a película porque cóntanche cousas que podes atopar na Wikipedia. Obríganse a incluír eses datos no guión porque pensan que se non o fan decepcionarán aos fans. Pero é unha historia que dura dúas horas! A inspiración e as influencias forman parte da viaxe pero non serven para avanzar, porque se te centras neses temas, o resultado será un filme sobre os libros e non sobre Tolkien.

O problema dos biopics sobre persoas que se converten no personaxe que coñecemos é que cando se tratan certas ideas, resulta demasiado obvio.

Nós non amosamos as inspiracións directas senón o aspecto emocional de como xorde a inspiración. Cando ves eses biopics é raro que intercalen a experiencia intelectual do personaxe. Adoita ser máis «escoitou ese ritmo e creou esa canción». Tentamos ser sutís, non é que vexa a torre de Birmingham e escriba *As Dúas Torres*; é máis ben a súa visión do mundo. O que máis me gusta de Tolkien é que hai algo poético nas súas historias. Adoitan ser sobre a natureza humana e sobre como funcionamos como sociedade. Así que todo o que amosamos vén dun nivel máis profundo.

Por iso en lugar de amosar algo directamente optas por amosar os sketches que se van formando aos poucos na súa mente? Nese momento é un mozo que está a construír o seu mundo. En realidade a súa vida é moi cinematográfica: un neno que queda orfo

e que, máis tarde, se converte nun dos escritores máis famosos do mundo. Como non é o típico artista atormentado, os seus conflitos non proveñen das drogas, da fama ou dun pai abusivo. E isto era un problema porque, quen é o inimigo de Tolkien? A solución fácil é que haxa alguén que non confíe en ti, pero é un cliché. Tolkien non o tiña, el era o seu propio inimigo.

Nunca vira a Nicholas Hoult tan tenro como cando interactúa cos seus amigos ou con Edith, interpretada por Lily Collins. Por que o elixiches?

Cando empecei a desenvolver o filme xa era o primeiro na miña lista. Pero aínda non quería amosarlle o guión. Meu pai, que era actor, contoume a historia da súa audición con Costa-Gavras. Despois de tomar un café e de falar de política máis que de cinema, díxolle: «Es un ser humano marabilloso, pero non es o adecuado para o papel» [risas]. Nós tampouco falamos do filme, e Nic dixo que era a entrevista máis rara que fixera. A súa simpatía e calidez non sempre se perciben nos filmes onde aparece. É algo que tamén percibín en Tolkien.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

O Señor dos Aneis, J. R. R. Tolkien
Sushi Books

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax